

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.3. Asuntos económicos e contratación

Acordo da Mesa da Deputación Permanente, do 12 de setembro de 2016, polo que se modifica prego de prescrición técnicas da contratación administrativa dos servizos de telefonía e acceso a Internet e a subministración de electrónica de rede para a Administración do Parlamento de Galicia

No prego de prescrición técnicas da contratación administrativa dos servizos de telefonía e acceso a Internet e a subministración de electrónica de rede para a Administración do Parlamento de Galicia (BOPG núm. 690, do 12 de agosto de 2016 e corrección de erros no BOPG núm. 693, do 31 de agosto de 2016), inclúese na prescrición 3.3.1 (parágrafo [45]) unha característica técnica das controladoras (saída VGA) útil por facilitar a conexión física dun monitor coa controladora e para axilizar as tarefas de administración que, non entanto, comprobouse que non todos os fabricantes de solucións wifi inclúen nos seus produtos, circunstancia que pode provocar unha limitación na concorrência. Por outra banda, na prescrición 4.10 (parágrafo [166]) referenciouse a necesidade de contar coa específica solución técnica Akamai Technologies para o streaming de vídeo, o cal tamén pode limitar a concorrência.

Segundo se reflicte no correspondente informe técnico, as ditas características ou non son esenciais para determinar cal é tecnicamente a mellor oferta, ou poden supoñer obstáculos á concorrência das empresas, polo que se considera prioritario remover os ditos obstáculos que innecesariamente limiten o acceso á contratación e garantir a máxima concorrência posible, conforme os principios inspiradores da contratación administrativa.

En consecuencia, a Mesa da Deputación Permanente adopta o seguinte acordo:

- Eliminar na prescrición 3.3.1 (parágrafo [45], páxina 157615 do BOPG nº 690, do 12 de agosto) o requisito de que as controladoras dispoñan de saída VGA, quedando redactada do seguinte modo:

CONTROLADORAS

[45] As controladoras instalaranse no CPD do PG cunha configuración en alta dispoñibilidade e deberán ter as seguintes características hardware mínimas:

Espacio ocupado: 1U

Fonte de alimentación redundante

Throughput: 20 Gbps

Número de APs soportados: ata 1500

Densidade de clientes: ata 20000 clientes

2 portos USB 3.0

2 portos Ethernet 10/100/1000

2 portos SFP+

Porto serie de xestión

- Eliminar na prescrición 4.10 (parágrafo [166], na páxina 157651 do BOPG nº do 12 de agosto) o requisito da solución técnica Akamadi Technologies, quedando redactada do seguinte modo:

4.10 STREAMING DE VÍDEO

[166] O adxudicatario deberá incluír na súa oferta este servizo, durante a vixencia do contrato, coas mesmas características que se describen neste apartado e cunha solución técnica similar.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2016.

Marta Rodríguez Arias

Vicepresidenta